



Colexio Público de Ensino Infantil e Primario de Mallón

Av/Manuel Lemos, 81. Tlf/Fax 986352859
36379; A Ramallosa - Nigrán

correo electrónico:
ceip.mallon@edu.xunta.es



5. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN PARA VALORAR EL GRAO DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS E O LOGRO DOS OBXECTIVOS DA ETAPA

Lexislación

[Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de EP, ESO e Bacharelato no sistema educativo de Galicia,](#)

5.1 ASPECTOS XERAIS. AVALIACIÓN E PROMOCIÓN

Artigo 5. Avaliación.

1. A avaliación da aprendizaxe do alumnado levarase a cabo tomando como referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos da etapa os criterios de avaliación e, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe que se recollen no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Os referentes da avaliación no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

3. A avaliación do alumnado será continua e global, e terá en conta o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.
4. No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan pronto como se detecten as dificultades, con especial seguimento da situación do alumnado con necesidades educativas especiais, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.
5. A avaliación das competencias clave está integrada na avaliación dos procesos de aprendizaxe do alumnado, na medida en que ser competente supón mobilizar os coñecementos, as destrezas, as actitudes e os valores para dar resposta ás situacións expostas, dotar de funcionalidade as aprendizaxes e aplicar o que se aprende desde unha formulación integradora.
6. Na valoración do desenvolvemento das competencias do alumnado teranse en consideración, de ser o caso, os estándares de aprendizaxe das diferentes áreas que se relacionan cunha mesma competencia, os cales conforman o perfil desa competencia.

Artigo 6. Promoción

1. Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.
2. O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non acadara o curso anterior.
3. O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para

atender o desfasamento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias correspondentes. Esta decisión sópoderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

4. Para a elaboración e o seguimento do plan específico de reforzo, a que se refire o punto anterior, seguirase o establecido no artigo 50 da Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

5. Ao finalizar os cursos segundo e cuarto da etapa o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias de cada alumna ou alumno, indicando, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo seguinte.


6. Co fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe elaborado pola súa titora ou polo seu titor sobre a súa evolución e o grao de adquisición das competencias desenvolvidas. No caso de alumnado con necesidades educativas especiais, o informe deberá reflectir as adaptacións e medidas adoptadas, e a súa necesidade de continuidade na seguinte etapa escolar.

5.2. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E PROMOCIÓN PARA VALORAR O GRAO DE ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS E O LOGRO DOS OBXECTIVOS DA ETAPA

CRITERIOS DE PROMOCIÓN. 2º CURSO DE ED. PRIMARIA (Orde do 25 de xaneiro)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE PROMOCIÓN	VALORACIÓN *			
		1	2	3	4
1.- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	1.- Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións e aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.				
2.- Recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais e integrala na produción propia.	2.- Integra de xeito global os recursos básicos verbais e non verbais para comunicarse oralmente, identificando, de xeito global, o valor comunicativo destes.				

<p>3.- Recoñecer o tema e o sentido xeral dun texto oral breve e sinxelo, de diferente tipoloxía, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).</p>	<p>3.- Comprende, de forma global, a información xeral dun texto oral sinxelo de uso habitual, do ámbito escolar e social e responde preguntas correspondentes á comprensión literal.</p>				
<p>4.- Producir textos orais breves, imitando modelos a atendendo á forma e a intención comunicativa.</p>	<p>4.- Elabora comprensiblemente textos orais sinxelos, do ámbito escolar e social, de diferente tipoloxía: noticias, avisos, contos, poemas, anécdotas...</p>				
<p>5.- Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de</p>	<p>5.- Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa</p>				



carácter infantil.	idade.				
6.- Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	6.- Identifica o tema dun texto sinxelo.				
7.- Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas (informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	7.- Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá , do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literario.				
8.-Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	8.- Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema .				
9.- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.	9.- Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados				
10.- Traballar de forma cooperativa, respectando os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.	10.-Utiliza estratexias para traballar de forma individual e en equipo e respecta os compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.				
11.- Identificar semellanzas e diferenzas entre as persoas valorando a diversidade.	11.-Verbaliza e comparte emocións e sentimentos propios e alleos.				
12.-. Manifestar satisfacción pola pertenza a un grupo e respectar as características das persoas coas que convivimos e que pertencen a diferentes grupos sociais.	12. -Amosa unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais nos grupos aos que pertence e cos que convive, nos xogos e nas tarefas escolares.				

13.- Comprender e distinguir os conceptos temporais: pasado, presente e futuro.

13.-.Utiliza os conceptos temporais: pasado, presente e futuro nas conversas da vida cotiá.

--	--	--	--

***Os anteriores criterios serán valorados aplicando os estándares respectivos, que se puntuarán nunha escala de 1 a 4, correspondendo a puntuación máis baixa ao nivel de “iniciado” e a máis alta ao de “acadado”. Para poder promocionar, consideraremos que un alumno ou alumna cumpre os criterios de promoción cando obtén un total de puntos superior ao 50% da puntuación máxima posible.**



CRITERIOS DE PROMOCIÓN. 4º CURSO DE ED. PRIMARIA (Orde do 25 de xaneiro)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE PROMOCIÓN	VALORACIÓN *			
		1	2	3	4
1.- Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, escoitar.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Expresa ideas, pensamentos, opinións, sentimentos con certa claridade aplicando as normas socio comunicativas: escoita atenta, espera de quendas, participación respectuosa.</i> 				
2.- Comprender o sentido global de textos orais informativos dos medios de comunicación audiovisuais emitidos con claridade, de xeito directo e estilo sinxelo.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Elabora un breve resumo dun texto oral.</i> 				
3.- Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Expresar con claridade e coherencia opinións, sentimentos e emocións e emprega apropiadamente os elementos da comunicación verbal e non verbal, en consonancia cos sentimentos.</i> 				
4.- Expresarse con coherencia básica de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ <i>Participa activamente e con coherencia na secuencia das súas ideas en diversas situación de comunicación:</i> <ul style="list-style-type: none"> - <i>Diálogos</i> - <i>Exposicións orais</i> segundo modelo e guiadas, con axuda, cando cumpra, das tecnoloxías da información e comunicación. 				

5.- Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos.

- **Le en silencio e en voz alta, sen dificultade e con certa expresividade, diferentes tipos de textos apropiados á súa idade.**



<p>6.- Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario e fixar a ortografía.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resume textos lidos, de diferente tipoloxía, adecuados a súa idade e reflectindo a estrutura e destacando as ideas principais. 				
<p>7.- Realizar o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo e esquematizar e resumir o seu contido.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Realiza o subliñado das ideas principais dun texto sinxelo. 				
<p>8.- Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, orde e presentación.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Escribe textos, organizando as ideas utilizando elementos de cohesión básicos e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas. 				
<p>9.- Identificar e resolver problemas da vida cotiá, axeitados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados para a resolución de problemas.</p>	<p>Practica o método científico sendo ordenado, organizado e sistemático.</p>				
<p>10.- Utilizar procesos de razoamento e estratexias de resolución de problemas, realizando os cálculos necesarios e comprobando as solucións obtidas.</p>	<p>Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas: revisa as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comproba e interpreta as solucións no contexto da situación, busca outras formas de resolución etc.</p>				
<p>11.- Utilizar os medios tecnolóxicos de modo habitual no proceso de aprendizaxe, buscando, analizando e seleccionando información relevante en internet ou en outras fontes elaborando documentos propios, facendo exposicións e argumentacións.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e resolver problemas. 				
<p>12.- Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Resolve problemas da vida diaria utilizando as medidas temporais e as súas relacións. 				
<p>13.- Interpretar e comprender, de maneira xeral, a información procedente de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións en textos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Interpreta e comprende, de maneira xeral, a información de gráficos, esquemas sinxelos e ilustracións, relacionando esta co contido do texto que acompañan. 				
<p>14.-Empregar estratexias de traballo cooperativo, adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as diferentes ideas e achegas alleas nos diálogos e debates, valorando o</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ Participa en actividades individuais e de grupo, e emprega estratexias de traballo cooperativo valorando o esforzo e o coidado do material e adopta un 				


esfuerzo e amosando actitudes de cooperación, participación e respecto cara aos demais.	comportamento responsable, construtivo e solidario respectando diferentes ideas e achegas nos debates, recoñecendo a cooperación e o diálogo como principios básicos do funcionamento democrático.				
15.- Explicar a importancia da intervención humana no medio e favorecer o desenvolvemento sostible a través da realización dunha campaña de concienciación no centro educativo.	<ul style="list-style-type: none"> Explica a importancia do coidado do medio, así como as consecuencias da acción humana neste e propón algunhas medidas para o desenvolvemento sostible e o consumo responsable. 				

*Os anteriores criterios serán valorados aplicando os estándares respectivos, que se puntuarán nunha escala de **1 a 4**, correspondendo a puntuación máis baixa ao nivel de “**iniciado**” e a máis alta ao de “**acadado**”. Para poder promocionar, consideraremos que un alumno ou alumna cumpre os criterios de promoción cando obtén un total de puntos superior ao 50% da puntuación máxima posible.

CRITERIOS DE PROMOCIÓN. 6º CURSO DE ED. PRIMARIA (Orde do 25 de xaneiro)

CRITERIOS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE PROMOCIÓN	VALORACIÓN *			
		1	2	3	4
1.- Participa en situacións de comunicación, espontáneas e dirixidas, utilizando un discurso ordenado e coherente.	Expresa as súas propias ideas comprensiblemente, substituíndo elementos básicos do modelo dado				

2.- Comprensión de textos orais segundo a súa tipoloxía. Ideas principais e secundarias. Ampliación do vocabulario. Redes semánticas.	Resume un texto distinguindo ideas principais e secundarias				
3.- Comprensión e expresión de mensaxes verbais e non verbais.	Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orais				
4.- Estratexias para utilizar a linguaxe oral como instrumento de comunicación e aprendizaxe: escoitar, recoller datos, preguntar. Participación en enquisas e entrevistas. Comentario oral e xuízo persoal.	Emprega de xeito efectivo a linguaxe oral para comunicarse e aprender: escoita activa, recollida de datos, pregunta e repregunta, participación en enquisas e entrevistas, emisión de xuízo persoal.				
5.- Comprensión de textos, en voz alta e en silencio, segundo o seu tipoloxía.	Entende a mensaxe de xeito global e identifica as ideas principais e as secundarias dos textos de diferente tipoloxía, do ámbito escolar e social, a partir da lectura dun texto en voz alta.				
6.- Comprensión de textos segundo a súa tipoloxía.	Comprende a información contida nos gráficos, establecendo relacións coa información que aparece no texto relacionada con estes.				



7.- Subliñado, esquematización e resumo da información relevante dun texto.	Elabora resumos de textos lidos e identifica os elementos característicos dos diferentes tipos de texto.				
8.- Aplicación das normas ortográficas e signos de puntuación (punto e coma, guión, dous puntos, raia, signos de entoación, parénteses, etc). Acentuación.	Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.				
9.- Resolución de problemas da vida cotiá.	Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.				
10.- Elaboración e uso de estratexias de cálculo mental.	Elabora e emprega estratexias de cálculo mental.				
11.- Utilización de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe para obter información, realizar cálculos numéricos, resolver problemas e presentar resultados.	Utiliza ferramentas tecnolóxicas para a realización de cálculos numéricos, para aprender e para resolver problemas, conxecturas e construír e defender argumentos.				
12.- Resolución de problemas de medida.	Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e buscando outras formas de resolvelo.				
13.- Planificación e realización de proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións, formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, montando, realizando e extraendo conclusións e presentando informes en diferentes soportes.	Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.				
14.- Técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado: os mapas históricos e as liñas do tempo. Realización dunha liña do tempo que recolla os acontecementos históricos máis relevantes que marcan as idades da historia.	Usa diferentes técnicas para localizar no tempo e no espazo feitos do pasado, percibindo a duración, a simultaneidade e as relacións entre os acontecementos.				
15.- Estratexias para a resolución de conflitos, utilización das normas de convivencia e valoración da convivencia pacífica e tolerante.	Participa dunha maneira eficaz e construtiva na vida da aula e do centro e crea e utiliza estratexias para resolver conflitos entre seus compañeiros				

*Os anteriores criterios serán valorados aplicando os estándares respectivos, que se puntuarán nunha escala de **1 a 4**, correspondendo a puntuación máis baixa ao nivel de “**iniciado**” e a máis alta ao de “**acadado**”. Para poder promocionar, consideraremos que un alumno ou alumna cumpre os criterios de promoción cando obtén un total de puntos superior ao 50% da puntuación máxima posible.

Mención de honor

Será proposto para a mención honorífica en sexto curso o alumnado que supere o 90% da puntuación máxima aplicando os estándares dos criterios de promoción, amosando así un desenvolvemento competencial excelente.

Así mesmo, poderá recibir esta distinción aquel alumnado que polo seu especial mérito ou superación de dificultades sexa merecedor de dita mención.

5.3 Posta en coñecemento da comunidade educativa

Este arranxo da, [Orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación das ensinanzas de EP, ESO e Bacharelato no sistema educativo de Galicia](#), quedará publicado para a súa consulta na páxina Web do Centro (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipmallon/>) e ademais avisarase ás familias mediante unha mensaxe por AbalarMóbil e haberá unha copia impresa na dirección do centro educativo.

